



A INVISIBILIDADE SOCIAL DA LINGUA

Todos os estudos coinciden en afirmar que a maioría da poboación da nosa cidade non só sabe falar o galego, senón que ademais o usa habitualmente nas relacións familiares. Pero os mesmos estudos tamén din que moitas desas persoas renuncian a facer un uso público da lingua, pola presión diglósica existente. Isto é o que fai que haxa persoas que, nunha visión superficial, se atrevan a afirmar que na nosa cidade a penas se fala o galego.

¿Como é posible esta contradicción? ¿Acaso esas persoas menten? ¿Ou acaso non din a verdade os estudos que se realizan? A contradicción é só aparente, como quizais xa sabes: o que está a ocorrer é que moita xente, nas súas relacións sociais (en despachos, cafeterías, comercios, etc.), oculta celosamente o seu galego.

Hai unha invisibilidade social da lingua, que se ve reforzada por unha ampla gama de factores. Podemos dicir que o galego é, en certo sentido, unha lingua oculta. Este ocultamento social da lingua (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que alcanza proporcións preocupantes nalgúns ámbitos da nosa cidade.

¿Por que non axudas a romper esta invisibilidade social? Para iso, non tes máis que usar o galego nas túas relacións, non só coa xente que coñeces, senón sobre todo coa descoñecida. Non atoparás ningún problema de comprensión, porque a práctica totalidade da poboación entende a nosa lingua. E entón descubrirás a cantidade de xente que agradecerá o teu xesto, as numerosas persoas que van aproveitar a túa invitación ó uso do galego. Descubrirás a inmensa cantidade de xente que -por prexuízos, por vergoña, por normas sociais carentes de sentido- vive ocultando a súa lingua de instalación. E, de paso, axudarás a crebar a marxinación social que aínda hoxe sofre a lingua galega. Porque, como sabes moi ben, que en Galicia se fale en galego ***tamén*** depende de ti.